



A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 4 | Edición nº 44 | Agosto de 2021 | PRECIO 2 EUROS

Salvaterra presenta á Xunta o proxecto da ponte da Illa Fillaboa

Páxina 3

Rede de reparto a domicilio na vila e nas parroquias de Ponteareas

Páxina 6

Ana Pastor esixe a Sanchez que cumpra cos investimentos en Ponteareas

Páxina 7

Ascenso do Juvenil á Terceira División


Páxina 8

Mondariz cumpre cos pagamentos á Xunta polo Centro de Día

Páxina 9

Concerto de Milladoiro o día 14 no agosto cultural da Cañiza

Páxina 12



Salvaterra inaugurou o seu Monumento ás Vítimas do Golpe de Estado de 1936

páxina 4

Portugal - Alto Minho

Ponte de Lima deu inicio ao Ano Santo Jacobeu

Páxina 13

Amigos do Caminho de Santiago têm nova sede em Viana

Páxina 14

Festival Percursos da Música está a decorrer na Expolima

Páxina 15

Festival Internacional de Documentário de Melgaço

Páxina 16

REFORZO ESCOLAR · IDIOMAS · TÉCNICAS DE ESTUDO
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA · TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDOS

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e Bach

MATRÍCULA GRATUITA

Reveriano Soutullo, 3 - 1ºB
654 07 5751

Bicimecánica

Toni Porto

Horario: 10:00h a 13:30h - 16:00h a 20:00h

Rúa Esperanza, 10 - PONTEAREAS
Tel: 986 18 24 65 • tporto@holymail.com

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

verán CULTURAL 2021

Venres 6 de Agosto **CINE INFANTIL: AS MASCOTAS DA RAINHA** 22:30 h. na Praza do Concello

Sábado 7 de Agosto **CONCERTO: BANDA DE MÚSICA POPULAR DE TUI** 22:30 h. na Praza do Concello

Domingo 8 de Agosto **RUTA DEPORTIVA: ROTEIRO MAIS KAIAK** 9:00 h.
Saída de recinto amurallado de Salvaterra de Miño ata a área recreativa de Santa Marina, despois descenso do kaiak polo Río Miño.
Idade: 12 anos en diante. Os nenos de 12 anos deberán ir con adulto. Custo da actividade: 14€. Inscripcións: 0034 643 961 385 (fato completamente precasta).

Martes 10 de Agosto **FESTIVIDADE DE SAN LORENZO** na Praza da Igrexa
12:00 h. Misas solitarias e a continuación concerto da Banda de música de Salvaterra de Miño.

CONCERTO: BANDA DE MÚSICA DE SALVATERRA DE MIÑO 22:30 h. na Praza do Concello

Xoves 12 de Agosto **CINE NA RUA: QUEEN** 22:30 h. na Praza do Concello

Venres 13 de Agosto **CINE NA RUA: PERDENDO O ESTE** 22:30 h. na Praza do Concello

Sábado 14 de Agosto **CONCERTO: EREA CASTRO** Presentando o proxecto "ARRAIAS" 22:30 h. na Praza do Concello

Xoves 19 de Agosto **CONCERTO INFANTIL: PAKOLAS** 22:30 h. na Praza do Concello

Viernes 20 de Agosto **CINE INFANTIL: O NENO QUE PUEDO SER REI** 22:30 h. na Praza do Concello

Sábado 21 de Agosto **L DESCENSO INTERNACIONAL DO MIÑO** 18:30 h. no Parque Público A Canuda
CONCERTO NESTOR ANTONIO BARROS e TALMA 22:30 h. na Praza do Concello
(BARROS e BALADAS)

Xoves 26 de Agosto **TEATRO @MEDIA: FULÁNO, MENGANO e CITANO** 22:30 h. na Praza do Concello

Venres 27, Sábado 28 e Domingo 29 de Agosto

LXII FESTA DO VIÑO DO CONDADO DO TEA
Visita ás adegas 27, 28 e 29 con degustación.
Prezo: 15 € por persoa
Catas comentadas, dirixidas polas adegas participantes os días 27, 28 e 29 (de balde) na Casa do Conde

Venres 27, Sábado 28 e Domingo 29 de Agosto

TÚNEL DO VIÑO No Xacemento da Ciencia da Viña do Condado

Venres 27 de Agosto

CONCERTO: BANDA CREBINSKY 22:30 h. na Praza do Concello

Sábado 28 de Agosto

CATAS: Á PROCURA DOS VIÑOS DELICIOSOS DO ANO D.O. RÍAS BAIXAS
na Casa do Viño (recinto amurallado) (a porta pechada)

Sábado 28 de Agosto

CONCERTO: SUSANA SEIVANE 22:30 h. na Praza do Concello

FESTA DE INTERES TURÍSTICO DE SALVATERRA DE MIÑO - Segundo Aniversario da Declaración de Interés Turístico de Ribeira Sacra. (Máis información no programa da Festa do Viño)

Salvaterra solicita nova liña de tren entre Vigo e Ourense

O Grupo de Goberno ven de presentar ao Pleno da Corporación unha proposta da Alcalá onde se solicita a Renfe Viajeros que reconsidere a decisión adoptada da retirada da coñecida como Vía do Miño dos trens que unen Vigo con Madrid, mantendo as paradas en Redondela e Guillarei, en vez de facelo por Santiago, ademais de solicitar que se estude a creación de novas liñas VIGO - OURENSE E OURENSE - VIGO que faciliten os horarios laborais dos veciños e veciñas

para desprazarse aos seus traballos e estudos.

Dende que o 10 de novembro de 1.878 chegara por primeira vez o ferrocarril a Salvaterra, este converteuse nun eixo fundamental e vertebrador da vida económica e social do municipio.

A día de hoxe esa situación mudou en gran medida debido o uso do vehículo particular que fixo que caira a demanda e como consecuencia a oferta pero temos claro e temos que ser conscientes de que temos que inverter situación.

Salvaterra investirá preto de 330.000€ en saneamento e asfaltados co Plan Concellos

O Concello de Salvaterra de Miño ven de informar das inversiones que realizará a través do Plan Concellos 2021 da Deputación de Pontevedra, destacando a apostila clara que fai o equipo de goberno por seguir incrementando servizos básicos como son o saneamento e a mellora de viais nas parroquias do municipio, onde se destina a parte máis importante da inversión, con preto de 330.000€. Estas obras son a mellora de asfaltados nas estradas municipais de Lamas (Meder), dúas zonas no Cordeiro (Alxén), a pavimentación nos camiños da Carqueixa (Fiolledo) e Dextros (Salvaterra), a mellora de accesos a Santa Cristina e Cazán (Leirado), pavimentación en Río e Laxe (Cabreira) e Telleira (Oleiros), saneamento en Poza, Arras e Monte da Bouza (Cabreira), ampliación do saneamento en Carrascal (Fornelos) e saneamento no camiño da Manquiña e a Beada (Alxén).

A través do Plan Concellos 2021 financiarase tamén a compra do novo camión de lixo, a compra dunha caseta para albergar as bicicletas eléctricas que se porán en funcionamento a través da AECT Río Miño, e novos elementos de skate para incrementar a oferta da zona skatepark das instalacións deportivas da Canuda. Compraranse varias parcelas na zona termal de Teans - Oleiros para poder mellorar o entorno do espazo lúdico termal de Teans, un resaldo nas parroquias de Alxén e Corzans.

Por último cofinanciarase tamén a través deste plan as obras de mellora da moblidade peonil na EP 4006 en Leirado, unha obra que mellorará a seguridade dos nenos e nenas que se desprazan diariamente ao colexió de Leirado.

Neste programa enmárcase

SALVATERRA DE MIÑO

A Alcaldesa de Salvaterra reúñese coa Conselleira de Medio Ambiente para perfilar diversos proxectos extratéxicos

A Alcaldesa de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel Gómez reuniuse coa Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda Ángeles Vázquez co fin de presentarlle dous proxectos estratégicos para o seu municipio.

Por un lado a pasarela de acceso a Illa Fillaboa, un proxecto para o que se está a valorar o seu posible encaixa nos novos Fondos Europeos de Recuperación.

A Illa Fillaboa conta con máis de 100.000m², é a única illa de titularidade pública no Río Miño, está dentro da Rede Natura 2000, e nestes momentos estanxe levando diferentes accións para pola en valor e abrila ao público a través de visitas programadas en barco. Coa construción desta



pasarela dáríase un paso máis e fariamos totalmente accesible ao público un entorno que temos que coidar e potenciar, ademais do valor didáctico e pedagóxico que se lle quere dar a través do Centro de Interpretación que existe no seu interior.

Por outra banda a Alcaldesa

presentouelle tamén unha memoria que se enmarca dentro do proxecto da recuperación do Recinto Amurallado, neste caso o remate da humanización das rúas interiores, un proxecto que contempla a humanización, o soterramento de liñas e a restauración do adoquinado das rúas interiores.



Salvaterra obtén a autorización de aproveitamento lúdico da auga para o seu espazo termal de Teans-Oleiros



Xustamente a semana a seguir da entrada en vigor da LEI 8/2019 do 23 de decembro de regulación de aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia, O Concello de Salvaterra de Miño comezaba cos trámites oportunos para acadar a autorización de aproveitamento lúdico; un traballo que xa se tiña avanzado bastante e que permitiu que Salvaterra de Miño sexa a día de hoxe o primeiro e único Concello que ten autorización de aproveitamento lúdico do seu Espazo Termal de Teans- Oleiros. A solicitude de autorización foi acompañada dun proxecto xeral de aproveitamento e do estudo xustificativo do perímetro de protección.

Foi a comezos do ano 2019 cando Salvaterra inauguraba o

seu Espazo Termal logrando atraer a moitos visitantes da provincia e norte de Portugal, contabilizando una media de 200 usuari@s ao día. Por unha banda polo privilexiado da súa ubicación e por outra polas características das propias augas, que conteñen un amplo abano de propiedades e que xa dispúñan da Declaración de Augas Termais e Mineromedicinais pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, condición previa para a tramitación do aproveitamento lúdico das augas.

Estas instalacións contan entre o espazo termal e a zona recreativa, con máis de 17.000m², para que as persoas que se acheguen poidan relaxarse e gozar das augas termais e dun lugar tan acolledor como tranquilo.

Capital histórica do Condado

**CONCELLO DE
SALVATERRA DE MIÑO**

CONDADO/PARADANTA

Salvaterra de Miño

Salvaterra inaugurou o seu Monumento ás Vítimas do Golpe de Estado de 1936

Promovido por "Plataforma pola recuperación da Memoria Histórica"

A continuación, reproducimos o discurso realizado pola historiadora Rocío Pino, da Plataforma pola recuperación da Memoria histórica de Salvaterra, durante a inauguración do Monumento ás Vítimas do Golpe de Estado de 1936.:

Moi bo (día/ tardes) a todos e a todas e benvidos á Inauguración deste Monumento ás Vítimas do Golpe de Estado de 1936.

Este é un evento organizado e promovido pola "Plataforma pola recuperación da Memoria histórica de Salvaterra" en colaboración co Concello de Salvaterra de Miño. Un acto no que se pretende facer desta Fonte da Vila, un espazo

para o recodo e o entendemento. Un lugar de conciliación que disipe a escuridade orixinada por un conflito dunha extrema残酷 como foi a Guerra Civil Española e a posterior represión. Foi un enfrentamento fraticida que dividiu a veciños e familias e que instalou o terror permanente nos ollos dos que sufrieron polas súas consecuencias.

Un evento que recolle o espírito do ditaminado polo Parlamento de Galicia o 18 de xullo do 2016, cando levou a cabo a seguinte declaración institucional:

"O Parlamento de Galiza, ao se cumplir o 80 aniversario dos tráxicos acontecementos que provocaron a Guerra Civil e a posterior

ditadura franquista, quere reiterar a súa condena ó Golpe de Estado perpetrado por Franco o 18 de xullo de 1936, ó réxime ditatorial [...] e represións exercidas sobre as persoas vencidas."

Este polo tanto é un acto para poñer luz sobre as terribles repercusións humanas, sociais e económicas que trouxo consigo a sedición e é que, soamente a través do coñecemento e da memoria, como cohesionadores sociais, poderemos sandar as feridas abertas.

Hoxe estamos aquí para recordar a todos e a todas aqueles salvaterrenses que foron asasinados, paseados, depurados, perseguidos, encarcerados, torturados, aldraxados, mutilados e saqueados os seus bens, nun enfrentamento cuxas consecuencias ainda están presentes na nosa memoria e na nosa realidade. Decenas ou centos dos nosos veciños foron acusados de delitos que nunca cometean, homes e mulleres inocentes que viron as súas vidas truncadas e aos que hoxe rendemos sentido homenaxe.

A morte, a fame e a desnutrición, o exilio, as recrutacións militares forzosas, as enfermidades



A historiadora Rocío Pino cun membro da Plataforma.

derivadas das malas condicións sanitarias e da falta de infraestruturas e de persoal formado, o terror, as mutilacións, as desaparicións, as execucións extrajudiciais, a violencia sexual, os trastornos traumáticos provocados polas torturas e polas estancias en penitenciarias (unha forma amable de falar dos campos de concentración ou exterminio que era o que en realidade eran), a falta de coberturas sociais, o atraso económico, o declive do ensino e falta de orzamento para a investigación, a violencia sobre as mulleres ou a emigración son algunas das moitísimas secuelas deste enfrentamento que perduran ata os nosos días e que deixaron en nós un pouso de medo a que a Historia se repita.

Así que, está nas nosas mans que as diferenzas políticas e ideolóxicas non volvan a dividirnos,

senón que xuntos tendamos pontes para o entendemento, sobre todo, en momentos de crise como o presente.

E é que como se recolle no Anteproxecto de Lei de Memoria democrática:

"O coñecemento do noso pasado recente contribúe a asentar a nosa convivencia sobre bases más firmes, protexéndonos de repetir os erros do pasado. A consolidación do noso ordenamento constitucional permítenos hoxe afrontar a verdade e a xustiza sobre o noso pasado. O esquecemento non é opción para unha democracia."

Para que ningunha das súas tribulacións fiquen na desmemoria e como sinal de respecto, gardemos agora un minuto de silencio.

[...] moitísimas grazas a todos por facernos compaña hoxe e pola vosa atención."



Fonte coa inscrición do memorial.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

EDITORIAL



As leis do castelo

Espero que Carles Casajuana non se moleste por utilizar o título do seu libro para este meu comentario. Comentario que de meu vai ter pouco porque "voume aproveitar" das súas ideas para que vostedes poidan reflexionar sobre o PODER e os POLÍTICOS igual que fai o autor e que eu me sinto impelido a compartir.

De entrada ofrécenos dúas ideas curiosas e atrevidas. A primeira di así: "creo que con el tiempo mereceremos no tener Gobiernos", de JORGE LUIS BORGES. A outra xa más longa di así: "a maioría dos políticos son tipos bastante raros...Incluso os que parecen más normais son en realidade raros. A maioría son á vez cínicos e idealistas, ególatras e desinteresados, frances e astutos. Son receptivos á adulación máis rastreira e compiten cos actores na capacidade de falar de si mesmos e de converter sen piedade calquera conversación nunha análise do seu propio ego...Personalmente, recoñezo todas esas calidades en min mesmo".

Logo desta introdución, que dirían os latinos, imos tentar ofrecerles comentarios e ideas de Carles Casajuana que estou seguro lles van encantar como me pasou a mi, pola claridade e dureza de como analiza os comportamentos dos políticos en variados escenarios.

Para que poidamos valorar as súas afirmacións e comentarios fai unha breve introducción de como se foi informando do que aquí nos conta. Di que durante unha longa etapa traballou moi preto do presidente do Goberno (refírese a José Luis Rodríguez Zapatero). Tiña unha función de carácter técnico que o situaba nunha posición de testemuña ocasional do exercicio do Poder.

Dinos que como escritor a proximidade do Poder prodúcelle situacións apaixonantes, de intriga que o desconcertan. As conversacións cos seus homólogos doutros países, é diplomático de profesión, fixéronlle ver que a atmosfera que reinaba na Moncloa non era moi distinta á do Palacio do Eliseo, de Downing Street ou da cancellería

alemá, concluíndo que en todas partes cocíanse fabas de maneira moi parecida.

Continúa o autor que estamos estudiando que aquí non se trata de descubrir nada que puidera coñecer no exercicio do seu traballo, soamente nos quere facer partícipes das súas reflexións sobre o poder, sobre o medio en que se exerce e a flora e fauna que nel proliferan.



No que poderíamos chamar primeiro capítulo titulado "A ecoloxía do castelo", dinos que as estruturas do poder son flexibles; adaptanse á presión de quen as exerce, acomódanse ao seu estilo, axústanse á relación de forzas que goberna entre elles.

Os recen chegados son agora os donos do castelo. Poden cambiar as cousas ao seu gusto. Toman posesión dos seus cargos xurando ou prometendo exercer as súas funcións con lealdade e rectitude nun momento que parecería sacramental. Un punto de chegada e un punto de partida, como nas vodas. Algunha compañoiro o mirará con rancor porque esperaba ser el quen xurase, disposto a criticar o menor fallo. Todos queren mostrar que son quen de traballar en equipo e que non se lle ocorrería poñer obstáculos por motivos persoais.

Pero o exercicio do Poder ten as súas propias regras e tarde ou cedo comezarán por abrirse camiño. Os cambios efectuados polo novos ocupantes inxectaron "savia" nova a un organismo que posúe vida propia. A satisfacción que os privilexios

do poder proporciona vai minguando ata diluirse entre a rutina. Comezan as friccións. Todos teñen opinión do que debe facerse; foron elixidos para facelo pero non sempre están de acordo. A delimitación de fronteiras crea friccións. Non todos poden sabelo todo. Aparecen as divisións entre os que o saben e os que non o saben. Os primeiros caen na tentación de valerse dos seus privilexios para facer sentir a súa superioridade aos outros. De forma inevitable xorden as rivalidades, os conflitos de competencias. De maneira inevitable alguén ten que ocuparse da axenda do Presidente ou do Primeiro Ministro; hai que programala con meses de antelación, dar prioridade a unhas cousas sobre outras e os demás deben someterse a ese criterio. O propio Presidente ou Ministro debe disciplinarse. Non é preciso inventar nada, xa todo estaba no castelo cando chegaron os novos moradores.

A proximidade ao Poder actúa como un ácido que descubre calidades e defectos, xenerosidade e abnegación, pero tamén alimenta a ambición, a inseguridade e o sentido territorial dos outros ou de si mesmo. De forma inevitable a camaradería inicial vai deixando paso á complicidada sen amizade, da que falou Étienne de La Boétie. A vella broma de que existen tres tipos de inimigos: os inimigos a secas, os inimigos mortais e os compañoiros de partido, ou de Goberno, fai sentir a súa realidade. Lembren a "broma" que gustaba gastarlle Cabanillas, creo, aos compañoiros: "Corpo a terra que veñen os nosos".

Como nunha corte medieval, todo xira arredor dunha persoa, á que uns teñen máis facilidades de chegar ca outros. Ningún sabe exactamente que grado de capacidade de achegamento ten; ningún sabe con exactitude ata onde chega a capacidade de influenza de cada quen; quen dispón de fío directo con quen.

Ao pouco tempo todos comezan a verse extraviados nas brumas do Poder ignorando quen o manexa. Os privilexios xa non lles parecen tanto; aquilo vólvese un traballo

máis, unha maneira de gañarse o alpiste coma outra calquera, cos seus suores e alegrías, sen heroísmo. En calquera momento o presidente ou o primeiro ministro pode dicirle que xa non é imprescindible, que xa non o necesita. Ou peor áinda, deixarillo chegar por vías indirectas. Prodúcense os primeiros abandonos, as primeiras baixas; poucos desisten por propia vontade; ou caen fulminados ou son apartados pouco a pouco ata quedar fóra de xogo. Algún chega a despreocuparse da súa sorte, seguen traballando arreo dando o mellor de si mesmos, ata descoidando as súas familias, esperando que tanto esforzo e dedicación sexa tido en conta e compensado.

Pero a convivencia reséntese; a fraternidade xa non é incondicional. Fórzanse amizades que poden durar moitos anos fortalecidas pola ambicións e tensións compartidas e tamén inimizades que se esquecerán no mesmo momento en que a aventura conclúa. A morada do Poder transfórmase nun teatro de operacións reñido pola lóxica dos seus efectivos, as alianzas e as frontes.

Esta é a ecoloxía do castelo, un universo de temperaturas extremas e de oscilacións entre a euforia e a depresión, entre a boorracheira do éxito e a humillación do fracaso; un universo entre kafkiano e hobbesiano dominado por unha amalgama de ambición, de abnegación, xenerosidade, ilusión, cálculo, medo e fatiga.

Sálvanse os menos vulnerables, os que saben facer ouvidos xordos as críticas e saben rirse de si mesmos; os que teñen colmillos máis retorcidos ou a suficiente madurez para darse conta de que o tempo que dediquen a defender o seu territorio ou a facer a guerra aos seus inimigos particulares fará minguar o labor que deles se espera. Sálvanse os más bondadosos, os menos dados a pensar mal das persoas que os rodean pero tamén os mais duros e egoístas.

En próximas reflexións prometo seguir con Carles Casajuna para facelos partícipes das súas reflexións que poden ser perfectamente as nosas.

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Rede de reparto a domicilio na vila e nas parroquias

A plataforma galega Roombo acaba de desembarcar no municipio co obxectivo de ofrecer á veciñanza da vila e das parroquias un servizo de entrega a domicilio de calidade dos produtos do comercio local, ao que permitirá mellorar e crecer. A concelleira de Promoción Económica, Eva Gil, explica que "dende o Concello queremos apoiar calquera iniciativa empresarial que axude ao desenvolvemento local, á creación de emprego e a fixación de poboación no rural".

Roombo Ponteareas nace cun reparto a domicilio encamiñado á restauración, pero xa se está a valorar a inclusión doutros servizos, "como o de carnizaría, frotería ou incluso farmacia, porque iso suporía facilitarlle



moito á vida a persoas con dificultade de mobilidade, persoas maiores...", asegura José González, o responsable da franquicia en Ponteareas.

A aplicación móvil, unha idea 100% galega que veu a luz en Verín en pleno confinamento, está dispoñible para calquera dispositivo Android ou iOS. As e

os ponteareáns poden xa facer as súas encargas en A Tenda, Asador San Cristobal, Bocados, Cervexería La República, Don Kebab, Invernalia, La Carlota, La Tienduca, Pipilota, Pizzería O Castelo e Tapería A Chan. Poden solicitarse comidas e ceas para levar ao momento ou programar pedidos para vindeiras datas.

ACIP demanda unha solución urgente á situación das instalacións de Pardellas na pista de atletismo

O grupo municipal ACIP a través do seu portavoz Juan Carlos González Carrera, demanda unha solución urgente aos problemas da pista de atletismo de Pardellas.

Pardellas debería ser un referente como complexo deportivo. O abandono das instalacións e a falta de compromiso do concelleiro de deportes provocan moitas protestas dos usuarios. Cabe lembrar que este concelleiro



cobra unha dedicación exclusiva cun salario de 30.000 euros anuais.

A pista de atletismo, non se pode utilizar polos danos que a maquinaria pesada provocou meses atrás e que seguen sen arranxar. O deporte neste concello é grazas aos pais e nais que dedican parte do seu tempo en sacar adiante os clubs deportivos, xa que o apoio ao deporte base por parte do concello é nulo.

Proceso participativo para elaborar un plan de convivencia

No marco da elaboración do futuro Plan de Convivencia e Civismo, o Concello de Ponteareas vén de poñer en marcha un proceso participativo para implicar a toda a veciñanza no traballo de diagnose dos problemas de convivencia na vila e na definición das medidas e solucións que o Concello deberá implementar no futuro.

O Plan de Convivencia e Civismo ten como obxectivo "acadar unha vila e unhas parroquias coidadas, agradábeis, limpas, saudábeis e seguras", sinala o concelleiro de Bo Goberno, Transparencia e Participación Cidadá, Roberto Mera. Para iso "é fundamental o respecto ao espazo público de convivencia e aos de-

reitos das demais persoas". Co Plan preténdese "fomentar o civismo e erradicar os comportamentos que deterioran a convivencia e danan a calidade de vida da veciñanza".

A veciñanza poderá dar a súa opinión e facilitar información e ideas a través dunha enquisa en liña dispoñíbel na web do Concello de Ponteareas. Ademais, nos vindeiros días distribuirase entre toda a poboación un tríptico informativo no que se inclúe un código QR para acceder directamente ao cuestionario. A enquisa divídese en cinco bloques temáticos relativos á limpeza, aos ruidos, á mobilidade, ao uso do espazo e dos bens públicos e á seguridad e saúde.

As escolas deportivas de verán regresan a Ponteareas

As escolas deportivas regresan este verán a Ponteareas cunha morea de propostas para que cativos e cativas a partir de 6 anos gocen dunhas vacacións estivais saudábeis e activas. Son totalmente de balde e contan con prazas limitadas.

Tras a imposibilidade de abrir o pasado verán a causa da situación sanitaria, as escolas deportivas volven á vila con novidades entre as propostas que se ofertan. Así, por primeira vez haberá fútbol gaélico e petanca. Outros deportes son baloncesto, hóckey, patinaxe, tenis e billar.

O obxectivo, segundo o concelleiro de Deportes Miguel Bouzón,

é "fomentar hábitos de vida saudábeis e promocionar o deporte para todas as persoas como medio de ocupación do tempo de lecer e medio educativo".



INMOBILIARIA MERCA VENDA

Casas Locales Fincas Pisos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020

Avenida Rosalia de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

GALICIA NALESEÑONA
SAÚDE, SEGURIDADE E BENESTAR

Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti

Rúa Progreso, 34 - VIGO

Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506

Ponteareas creará un centro de apoio e asesoramento ao tecido empresarial

Un lugar para traballar e crecer", así será o primeiro Centro de Dinamización Empresarial de Ponteareas presentado polo concelleiro de participación cidadá, Roberto Mera, e a concelleira de Promoción Económica, Eva Gil, acompañados da segunda tenente de alcalde Chus Garrote e dos técnicos redactores do proxecto.

O estudio de arquitectura Irisarri-Piñera S.L.P expuxo diante de autónomos, empresarios, emprendedores e comerciantes o proxecto de reforma dos dous andares do coñecido edificio da Seguridade Social na Praza Maior mercados con fondos propios do Concello grazas ao saneamento económico realizado polo actual goberno.

Agora, a reforma será financiada nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea, FEDER, no marco da estratexia "Ponteareas, hábitat saudábel" e nun 20% con fondos



propios do Concello.

O Centro de Dinamización Empresarial ofrecerá espazos de traballo para emprendedores, unha oficina Smart PEME, sala de reunións, zona de traballo informal, coworking, zona de reprografía e almacén, unha oficina de asesoramento e espazo de formación. Ademais, complétase cun patio-terraza que oferta a posibilidade de traballar ao aire libre.

"Permite que calquera autó-

nomo ou persoa que teletraballa disponga de salas tecnolóxicamente dotadas para manter reunións con outros profesionais, atender proveedores, recibir clientes ou interactuar nos espazos coworking xerándose más oportunidades de negocio. Este centro estará aberto para todo o tecido empresarial de Ponteareas, tanto para os que comezan como para os que están asentados", explica o alcalde en funcións Roberto Mera.

Recuperado a contorna do centro de saúde e do complexo deportivo

Ponteareas pode xa desfrutar dun renovado anel urbano de equipamentos, 35.000 m² de actuación que permiten recuperar espazos para as persoas na contorna do complexo deportivo Álvaro Pino e do centro de saúde, potenciando a mobilidade amable e a seguridade viaria.

A alcaldesa de Ponteareas, Cristina Fernández Davila, e a presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, visitaron esta contorna remodelada, na que se investiron máis de 400.000 euros financiados nun 20% por fondos propios municipais e nun 80% ao abeiro do Plan de Remodelación e Mellora de Seguridade dos viarios municipais (DEPORREMSE) do organismo provincial.

Con esta acción de recuperación acompañados dun Plan de Mobilidade específico reordenouse o



tráfico mantendo as prazas de aparcamiento e creouse unha zona de estacionamento por tempo limitado. Tamén hai aparcadoiros de bicicleta para fomentar este tipo de mobilidade. A renovación tamén mellorou a iluminación e aportou amplas zonas axardinadas, con numeroso arborado que garante a sombra, novo mobiliario urbano e zonas de estancia con bancos. Esta actuación conecta dunha forma segura e amábel a senda do Regato da Venda coa Senda do Tea e incluíu a creación dunha senda de arredor de 700 metros na rúa Canteiro Xosé Cerviño que chega ata o barrio das Cachadas, favorecendo a mobilidade peonil e ciclável.

Ana Pastor esixe a Sanchez que cumpra cos investimentos en Ponteareas



Os deputados nacionais, Ana Pastor, Javier Bas, Diego Gago e Juan Constenla, visitaron Ponteareas para facer balance dos tres anos de Gobierno de Pedro Sánchez en Madrid e renovar o seu compromiso co municipio.

Os populares foron recibidos por varios concelleiros locais, membros da Plataforma de Afectados da N-120 e pola presidenta local, Belén Villar, da cal todos coincidiron en manifestar a insistencia da popular en resolver os asuntos do municipio de Ponteareas. "Desde logo o noso partido non podería ter mellor defensora, é unha persoa moi insistente", o nome de Ponteareas

escóitase a diario na Cámara Baixa e na Cámara Alta. A defensa dos intereses do voso pobo está garantida co Partido Popular", sentenciou Javier Bas.

Os deputados nacionais comprometeronse con Villar a rexistrar en setembro unha iniciativa no Congreso dos Deputados para que se acelere a mellora da N-120 e a construcción da variante-circunvalación de acceso ao pobo.

"O balance nestes tres anos de Gobierno non é que non fixesen nada, é que desfixeron, porque retiraron os 27 millóns de euros de investimento que deixaramos en 2018 e subíronnos os impostos en plena recesión económica pola pandemia", declarou Ana Pastor.

Ponteareas, Cidade Amiga da Infancia

Representantes do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, a Federación Española de Municipios e Provincias, o Instituto Universitario de Necesidades e Dereitos da Infancia e a Adolescencia (IUNDIA) e Unicef España entregaron nunha cerimonia virtual os recoñecementos ás 72 entidades locais que renovaban esta distinción e aos 73 municipios, mancomunidades e deputacións que o recollían por primeira vez, entre eles o Concello de Ponteareas.

Trátase dun recoñecemento ao exercicio de responsabilidade feito polo Goberno municipal para poñer



no centro das decisións políticas a un grupo de poboación que é presente e futuro da sociedade: aos nenos, nenas e adolescentes. A concelleira de Benestar Social e Igualdade, Verónica Carrera, estivo presente na cerimonia.

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Ascenso agridoce a Terceira División do Juvenil de Ponteareas



OJuvénil de Ponteareas completou o seu ascenso de Preferente á Terceira División ante un Gran Peña vigués afectado polas secuelas da pandemia (oito dos seus xogadores estaban con COVID, segundo comunicou o club) e pola decisión da Federación Galega de Fútbol de finalizar a temporda no campo.

Oito minutos de xogo bastaron para completar un ascenso con sabor agridoce. O Gran Peña acudiu ao campo de Pardellas (Ponteareas) con só nove xogadores e portando unha pancarta de protesta ("A Nosa Saúde non Importa") motivada polas condicións nas que deberon afrontar

este partido, determinado pola referida decisión federativa.

De feito, os vigueses cumpriron co trámite deixándose anotar un gol do Juvenil e simulando a lesión de tres xogadores unha vez começado o xogo, para quedar así na regramentaria inferioridade numérica que lles imposibilitaba continuar co partido.

O parte arbitral realizado polo árbitro principal Francisco Javier Rodríguez Campos, referiu a surrealista situación indicando que "os xogadores e algúns directivos do Gran Peña F.C portaron dúas pancartas, entre cuños lemas puiden ler 'Saúde Importa', 'Federación corrupta' e 'FGFMafia'. Indicou o parte que estes xoga-

dores saltaron ao campo "coas mans atadas a cordas", procedendo a "sentarse no terreo de xogo" unha vez o balón estivo en movemento no saque inicial e tras enviar o esférico ao saque de banda. Foi así como o Juvenil anotou ao minuto 2 o tanto por obra do seu xogador Cora, e que lle deu oficialmente o ascenso a Terceira División.

Ante esta situación, o numeroso público que asistiu ao campo de Pardellas despediu entre aplausos aos xogadores e directivos do Gran Peña, toda vez o Juvenil logrou o ansiado ascenso en condicións incómodas nas que seguramente ningún deles agardaba.

O Club Natación Ponteareas triunfa a nivel autonómico e estatal



Ouro en remudas 4x200 libre masculino no Campionato de Galicia.

O club ponteareán volveu do Campionato Galego júnior-absoluto de Ourense cunha medalla de ouro en 4x200 libre masculino e declarouse subcampión na clasificación xeral conxunta, quedou no terceiro posto co equipo femenino e no sexto co masculino.

Na cita estatal de Tarragona, Yoel Faro acadou dúas medallas de bronce en 100 e 200 m braza e se clasificou para todas as finais das súas probas, acabando no 8º posto nos 400 m estilos e o 1º no 200 m estilos.

No Campionato de España Infantil celebrado en Sabadell. Sofía Carballo corouuse como campioa de España en 100 e 200 metros braza, foi subcampioa nos 400 m estilos e finalizou 5ª na final dos 200m. Iria Lemos alcanzou todas as finais das probas nas que participou, alzouse como subcampioa de España en 50 e 100 m libres e foi terceira nos 200 m libres. Naroa Estévez tamén destacou coa súa mellor marca persoal.



A Campiona de España, Sofía Carballo

ZAPATERÍA
Ángeles Castro

Telf: 986 640 242
Rúa Esperanza, 23 - PONTEAREAS

ERDP
ERDonaDo Pertenista

Tu Especialista en Cosmética Ecológica
Perfumes de Autor

☎ 986 311 003
 🌐 www.erdp.es
✉ info@erdp.es

Paseo Matutino 13 Ponteareas. 36960

ZOE
LENCERIA

ESPECIALISTA EN TALLAS DE CORSETERÍA

C/ Alfonso X el Sabio, 15, Ponteareas. Tlf: 986 22 47

Mondariz reúne ás empresas locais para informar sobre a creación de solo industrial

Entre as novas áreas de solo industrial confirmadas recentemente polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, figura unha superficie de 144.545 m² na zona da Lagoa, próxima ao centro urbano do Concello de Mondariz, que acollería un futuro parque empresarial. Á vista desta decisión, o Goberno municipal convocou a unha reunión ás empresas radicadas no termo municipal para informarlos sobre este proceso.

"Para o Concello de Mondariz, que non dispón dun Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) que recolla solo industrial, esta é unha excelente nova. Dispoñer



dun parque empresarial próximo ao centro urbano e ben comunicado evitará a deslocalización de empresas e mesmo facilitará o asentamento de novas empre-

sas", afirma o alcalde, Xosé Emilio Barros, que xa durante a campaña electoral de 2019 se comprometía a impulsar o desenvolvemento dun parque empresarial.

Mondariz cumpre cos seus pagamentos á Xunta polo Centro de Día

O Concello de Mondariz está negociando a súa débeda co Consorcio de Benestar Social da Xunta polo Centro de Día, e que estaba sen pagar desde a posta en marcha deste servizo en 2011, cando se acordou o sistema de cofinanciación.

Así, a Xunta reclamaba o pago por liquidacións de 97.500 euros. En xullo de 2021, o Concello de Mondariz iniciou o pagamento dessa débeda ao recibir a liquidación correspondente do primeiro semestre deste ano e procedeu igualmente a non arquivar este asunto, como se fixera anteriormente. Do mesmo xeito, o Con-

cello iniciou a renovación do conveño coa Xunta para cumplir cos seus compromisos tras incluír no orzamento municipal a previsión destes pagamentos.

Co sistema de cofinanciación que entrou en vigor en 2017, Mondariz paga 2.500 euros por cada habitante do Concello que faga uso do Centro de Día a pesar de que as instalacións son de propiedade municipal, pero non pode asignar ningunha das 30 prazas entre os seus veciños porque esta é unha competencia da Xunta. Polos usuarios do Centro de Día que veñen doutros concellos, a Xunta asume o custo total do servizo (7.500 euros por usuario).

**ESCAPE ROOM URBANO
ESTRELAS**

UNHA EXPERIENCIA DE ESCAPISMO ONDE AS MULHERES MAIS APAIXONANTES DA HISTORIA SON AS PROTAGONISTAS

Concello de Mondariz
DEPUTACIÓN PONTEVEDRA
TERRITORIO COMANCHE

DATA, LUGAR E HORA: SÁBADO 7 DE AGOSTO, PRAZA DE ESPAÑA (MONDARIZ), 21:00 HORAS
DIRIXIDA A: MOZOS E MOZAS DE 12 A 17 ANOS
EQUIPOS: ENTRE 3 E 5 PERSONAS
PERÍODO DE INSCRICIÓN: DO 22 DE XULLO AO 4 DE AGOSTO OU ATA ESGOTAR PRAZAS
CUSTO: DE BALDE
MÁS INFO E INSCRICIÓN: OMIX MONDARIZ TLF. 680 964 461 / OMIX@MONDARIZ.GAL

Saída seminocturna guiada aos petróglifos de Gargamala

O "s segredos da noite de Mondariz: petróglifos e estrelas" é unha saída seminocturna guiada aos petróglifos de Gargamala que forma parte do programa "Mondariz Natura". Terá lugar o 6 de agosto, ás 20:00 horas, e o período de inscrición xa está aberto. As persoas interesadas deben contactar coa Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) do Concello de Mondariz antes do 4 de agosto por correo electrónico (omix@mondariz.gal) ou teléfono (680 964 461). A ac-



tividade, dura 3 horas e ten un percorrido de 5-6 km. É de balde e está recomendada para persoas maiores de 12 anos.

TALIER
SALÓN

Alfonso Vázquez Fraile, 5 bj. PONTEAREAS
 CITA PREVIA 986 641579
